

RUTAS AO AIRE LIBRE

OUTUBRO DE 2022

ORRO



DATA: sábado, 22 de outubro de 2022.

HORARIO:

- **Quenda de mañá:**
Hora de inicio 10:00 h.
Hora prevista de finalización 14:00 h.
- **Quenda de tarde:**
Hora de inicio 16:00 h.
Hora prevista de finalización 20:00 h.

PUNTO DE SAÍDA:

<https://goo.gl/maps/d3j8CDM4YMYwZ4ad9>

PUNTO DE CHEGADA:

<https://goo.gl/maps/d3j8CDM4YMYwZ4ad9>

TELÉFONO DE CONTACTO (só para o día da ruta): 604 077 276.



DESCRICIÓN:

Empezamos o curso en Orro, núcleo de poboación situado na parroquia do mesmo nome que pertence ao concello de Culleredo.

Saíremos por un paso peonil que cruza a A-6 en dirección a Xesteira, e cruzaremos entre bosques camiños de diversa dificultade. Deixaremos atrás os últimos núcleos de casas para camiñar por cómodas pistas que nos achegarán ao monte de Toroño, unha pequena elevación que rodearemos en dirección norte. Manterémonos por camiños ata chegar a un alto formado por pedras.


Deste cómodo lugar, onde realizaremos un descanso, aproximaremos á urbanización «Espírito Santo», desde onde baixaremos a unha antiga vía ferroviaria en desuso, xa sen vías, que nos levará novamente a cruzar a A-6 en dirección ao noso punto de inicio no campo de Orro.




NIVEL DE DIFICULTADE: dificultade media-baixa.

DISTANCIA: 10,9 km.

DURACIÓN APROXIMADA: de 3 h e 15 min, segundo a táboa. Porén, consideramos que tardaremos unhas 4 h debido aos posibles cambios no estado do terreo polo que cómpre camiñar, sempre en función das persoas participantes. Grupo mínimo de oito persoas e máximo de 30.




MAPA



PERFIL:

245 m



Orro (Culleredo)			
horario	3h 15' 	 1	severidade no medio natural
desnivel de subida	260 m 	 3	orientación no itinerario
desnivel de baixada	260 m 	 2	dificultade no desprazamento
distancia horizontal	10,9 Km 	 3	cantidade de esforzo
tipo de percorrido	Circular 		
Condicións de todo o ano, tempos estimados segundo o criterio MIDE, sen paradas. Calculado sobre datos de 2022.			

COMO INTERPRETAR A LENDA MIDE	
	Medio. Severidade do medio natural 1 O medio non está exento de riscos 2 Hai máis dun factor de risco 3 Hai varios factores de risco 4 Hai bastantes factores de risco 5 Hai moitos factores de risco
	Itinerario. Dificultade de orientarse no itinerario 1 Camiños e cruzamentos ben definidos 2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade 3 Esixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais 4 Esixe técnicas de orientación e navegación fóra de traza 5 A navegación é interrompida por obstáculos que hai que bordear
	Desprazamento. Dificultade no desprazamento 1 Marcha por superficie lisa 2 Marcha por camiños de ferradura 3 Marcha por sendas dispostas en chanzos ou terreos irregulares 4 É preciso o uso das mans para manter o equilibrio 5 Require pasos de escalada para a progresión
	Esforzo. Cantidade de esforzo necesario 1 Ata 1 h de marcha efectiva 2 Máis de 1 h e ata 3 h de marcha efectiva 3 Máis de 3 h e ata 6 h de marcha efectiva 4 Máis de 6 h e ata 10 h de marcha efectiva 5 Máis de 10 h de marcha efectiva
Calculado segundo os criterios do MIDE para un excursionista medio pouco cargado O MIDE está recomendado pola Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME)	